


PROBA
COMPETENCIAL

(MODELO PAU)

LGL-2ºBACH
CURSO 2024-25
IES FÉLIX MURIEL
RIANXO



ALUMNA/O:

SITUACIÓN ou CONTEXTO

O pasado 5 de xullo, o pleno da Real Academia Galega (RAG) votaba a proposta impulsada pola académica Ana Boullón e acordaba dedicar o Día das Letras Galegas do vindeiro ano 2025 ao cancionero popular galego. O presidente da institución, Víctor Freixanes, anunciaba en rolda de prensa que a poesía popular oral e as cantareiras protagonizarían a gran festa da cultura galega, pois “as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas das avoas ás netas, das nais ás fillas, dunhas veciñas a outras”. Ao pouco de coñecerse a noticia, un artigo do escritor Francisco Castro, A Real Academia trabucouse (DOCUMENTO 1), provocou a polémica ao afirmar que o Día das Letras Galegas nacera para outra cousa: “coñecer o traballo autoral de alguén que, dun xeito consciente e constante, elabora unha obra literaria na nosa lingua”.



Neste sentido, a RAG lembra na súa [web](#) que, “fronte ao que aconteceu noutros territorios, o cancionero popular conseguiu chegar cheo de vida ao século XXI, e deixou unha fonda pegada na alta cultura, empezando polos Cantares gallegos de Rosalía de Castro”. Por outra banda, o vindeiro 17 de maio cumpríranse vinte e sete anos desde que protagonizaran o Día das Letras Galegas de 1998 os trobadores da ría de Vigo, Johan de Cangas, Meendinho e Martin Codax; autores de cantigas de amigo que, no primeiro terzo do século XX, na época das vangardas, poetas como Álvaro Cunqueiro revitalizaron con poemas como No niño novo do vento (DOCUMENTO 3), que despois musicaría Amancio Prada. Perséguese pois o diálogo da tradición centenaria coa modernidade de artistas actuais, como a poeta Yolanda Castaño que en 2011 escribía A voz das amigas (DOCUMENTO 4), para unha das cancións do grupo de pandeireteiras Leilía.

Odiadas Letras Galegas. [O Carrabouxo](#) (DOCUMENTO 2)

O **reto** que se lle propón é que participe na polémica escribindo un artigo de opinión co que dar resposta ao publicado por Francisco Castro. Para iso, deberá primeiro responder a tres preguntas (de comprensión, de reflexión sobre a lingua e de análise literaria) que o encamiñarán á creación dese artigo. Ademais, na súa creación textual final deberá evidenciar, entre outras cousas, a defensa da igualdade entre homes e mulleres (ODS 5) e a necesidade de erradicar todo tipo de prexuízos para lograr a redución das desigualdades (ODS 10).

DOCUMENTOS

DOCUMENTO 1. CASTRO, Francisco. *A Real Academia trabucouse*. [La voz de Galicia \(09-07-24\)](#)

Non serei eu quen diga que as nosas cantareiras (e o cancionero popular) non merezan homenaxes. Levan séculos creando cultura de nós e ese xa é mérito dabondo para ter o noso recoñecemento eterno. Pero o Día das Letras naceu para outra cousa.

Dou por feito que van odiarme moitos por este artigo pero ao meu entender a Real Academia Galega (RAG) trabucouse profundamente nesta ocasión. Porque o Día das Letras naceu para recoñecer o traballo autoral de alguén que, dun xeito consciente e constante, elabora unha obra literaria na nosa lingua. Ese non é o caso das cantareiras nin de lonxe. As que pariron as nosas coplas populares fixérono para cantar e expresar un mundo, pero non estaban facendo unha obra literaria. Dende logo que non. E non se me entenda mal que sei de sobra o que é a poesía popular. O asunto, como digo, é outro. E ten que ver coa «intención» daquelas que crean.

Non son quen de comprender, e xúrolles que levo dándolle voltas dende que se coñeceu o nomeamento da RAG, que motivos puideron ter para tomar semellante decisión. Necesitaban dedicarlle o día a mulleres? Pois velaí está Anisia Miranda, por exemplo, que foi moito máis que a señora de Neira Vilas. Ou Pura e Dora Vázquez, turrando da literatura infantil durante décadas en contextos ben difíciles. E como non está escrito en ningures que teña que ser un ano muller, outro home, por aí andan Ramiro Fonte, Antón Tovar, Fiz Vergara Vilariño, Eusebio Lorenzo Baleirón e tantos outros que agardan no esquecemento da rúa Tabernas da Coruña a que alguén se lembre deles.

O Día das Letras é a nosa gran festa cívica e a decisión de a quen darllo é crucial, sobre todo pensando en que do que se trata é de explicarlle á sociedade que hai autoras e autores en lingua galega cunha obra potente feita en clave literaria e en diálogo coas literaturas coetáneas do seu tempo. Non é o caso das cantareiras. Non o é porque elas non facían literatura.

A RAG vén facendo un labor magnífico dende hai anos. Mais, neste caso, coido que meteron a zoca. En termos literarios non estaban pensando. Quizais noutras cousas paralelas porque, nun plenario tan dividido como o que hai, cómpre quedar ben con todo o mundo. Pero para nós, para os que non estamos na Academia, esta decisión é incomprensible e, sobre todo, allea por completo a aos obxectivos que, dende 1963, ten o Día das Letras Galegas.

Imos cantar un mundo o ano que vén. Ímolo pasar moi ben. Pero a nosa sociedade vai despistarse bastante sobre o que significa «letras galegas».

DOCUMENTO 2. O Carrabouxo. *Odiadas Letras Galegas*.



No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

**DOCUMENTO 3. CUNQUEIRO, Álvaro,
Cantiga nova que se chama Riveira, en *Obra en
galego completa*, Vigo, Ed. Galaxia, 1980.**

**DOCUMENTO 4. CASTAÑO, Yolanda, *A voz das amigas*, en *Consentimento*,
Leilía, 2011.**

A miña voz, compañeiras,
non naceu para afastar.
Se non fose por vosoutras,
como ía camiñar?

Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta,
dáme a man e faremos cordada,
ven comigo, miña camarada,
dáme a man e faremos cordada,
ven comigo, miña camarada.

A miña voz, compañeiras,
tráioa para partillar.
Se non fose por vosoutras,
como ía camiñar?

Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta,
dáme a man e farémonos grandes,
temos xuntas a forza dos mares.

Dáme a man e farémonos grandes,
temos xuntas a forza dos mares.

A voz das miñas amigas
Dáme folgos pra avanzar.
Se non fose por vosoutras,
como ía camiñar?

Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta,
todas xuntas non temos fronteira,
ven comigo, miña compañeira.
Todas xuntas non temos fronteira,
ven comigo, miña compañeira.

Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta,
dáme a man e faremos cordada,
ven comigo, miña camarada,
todas xuntas non temos fronteira,
ven comigo, miña compañeira.

PREGUNTAS

Tendo en conta a situación descrita e os documentos achegados, deberá responder ás catro preguntas que seguen, coa finalidade de evidenciar a súa comprensión lectora, a súa capacidade reflexiva e o seu sentido crítico; para, finalmente, transformando toda a información recibida en coñecemento propio, ser quen de crear un novo texto (escribir un artigo de opinión), que sirva para dar resposta ao texto publicado por Francisco Castro.

Para isto deberá ter en conta as seguintes indicacións:

- Realizada unha lectura comprensiva da “Situación” e dos “Documentos 1-2-3-4”, responderá as preguntas na orde en que se atopan, pois seguen unha secuencia que desemboca na creación textual final.
- As “Preguntas” inclúen apartados de tres tipos que requiren respostas diferentes: abertas ou construídas e semiconstruídas.
- Nas “Preguntas 3 e 4” escollerá entre unha das dúas opcións propostas.
- No conxunto da Proba non se descontará “por faltas”, pois cada “Pregunta” inclúe xa criterios de cualificación referidos ás propiedades textuais e á corrección ortográfica e gramatical.

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN (2.5 puntos) (15 minutos)

1.1. ZeroGPT, QuillBot, Paraphraser.io, AI Summarizer, Resoomer, Parafrasist, Editpad, Canva, Resumidordetextos.net... Só na primeira páxina, o buscador de Google ofrece, como resposta á busca “resumir textos”, todas estas aplicacións para facer resumos xerados por intelixencia artificial. Se vostede lle solicitase á IA de Canva (a única delas que o ofrece en galego) que faga o resumo do DOCUMENTO 1, este sería o resultado:

O autor do texto expresa a súa crítica cara á decisión da Real Academia Galega (RAG) de homenaxear as cantareiras no Día das Letras Galegas. Argumenta que este día foi creado para recoñecer o traballo autoral de quen elabora conscientemente unha obra literaria na lingua galega, algo que non se aplica ás cantareiras, xa que elas crearon coplas populares sen intención literaria. O autor propón que hai outras figuras femininas, como Anisia Miranda ou as irmás Pura e Dora Vázquez, que merecerían máis esta homenaxe debido ás súas contribucións á literatura galega. Tamén menciona autores esquecidos como Ramiro Fonte e Antón Tovar que poderían ser recoñecidos. Finalmente, o autor admite que a RAG realiza un bo traballo en xeral, pero considera que nesta ocasión a súa decisión non se alíña cos obxectivos orixinais do Día das Letras Galegas, que é destacar autores e autoras cunha obra literaria sólida. Advirte que esta decisión pode confundir á sociedade sobre o significado das "letras galegas".

Se o resumo é unha actividade para mellorar a lectura comprensiva ou evidenciar o grao de comprensión dun texto, pero vostede substituíu a súa intelixencia pola artificial, comprobará, á vista dos resultados, que dificilmente poderá comprender o que quería dicir Francisco Castro, posto que o resultado artificial parafrasea, non explica, e comenta, non resume, o texto de partida.

Tendo en conta que necesitará resumir o DOCUMENTO 1, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, para evidenciar a comprensión do mesmo, coa finalidade de subscribilas ou rebatelas na creación dun artigo de opinión que se lle pedirá na tarefa final desta proba, non lle quedará máis remedio que servirse da súa intelixencia humana pois a artificial non lle vai solucionar esta tarefa.

Así as cousas, aplicando as seguintes indicacións, elabore un resumo do texto correspondente ao DOCUMENTO 1. (1.25 puntos)

- Lea comprensivamente o texto e seleccione as ideas principais (0.2)
- Lea comprensivamente o texto e distinga as ideas secundarias (0.2)
- Elabore un novo texto sen comentar o texto dado (0.2)
- Elabore un novo texto sen interpretar o texto dado (0.2)
- Evite parafrasear o texto (0.2)
- Constrúa o seu texto respectando as propiedades textuais, con corrección ortográfica e gramatical e con precisión léxica (0.25)

1.2. A pesar de que o seu profesorado no instituto non chegou a deixarlle clara a diferenza entre os xéneros discursivos e a tipoloxía textual, vostede necesita entender as características e, especialmente, a intención e a finalidade dos catro textos achegados nesta proba para poder analizalos e que o resultado desa análise lle sirva para resolver a tarefa final, pois a súa creación deberá posuír as características dun deses textos.

Para que poida resolver a tarefa, aclarámoslle que os tipos de texto se diferencian polas súas características lingüísticas e pola súa estrutura interna, e o mundo académico acostuma organizalos en seis grandes modalidades: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos e conversacionais. Mentres que os xéneros discursivos diferéncianse polo contexto ou ámbito de uso (literario, xornalístico, académico, social...). Digamos que un texto calquera concrétase na realidade a través do discurso que emitimos nunha situación comunicativa, por iso os xéneros discursivos vense condicionados polos elementos da comunicación e, sobre todo, pola intención de quen o emite.

Explicado o asunto, compare os catro DOCUMENTOS (1-2-3-4) presentados como estímulos e constrúa un cadro sinóptico, para evidenciar a súa interpretación deses textos identificando os elementos que se enumeran a continuación. A partir de aí, deduza a tipoloxía textual e infira o xénero discursivo de cada un. (1.25 puntos)

- | | |
|----------------------|------------------------------------|
| • Soporte (0.2) | • Constrúa o seu texto respectando |
| • Estrutura (0.2) | as propiedades textuais, con |
| • Intención (0.2) | corrección ortográfica e |
| • Forma (0.2) | gramatical e con precisión léxica |
| • Destinatario (0.2) | (0.25) |

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (2.5 puntos) (15 minutos)

2.1. As palabras clave (*keywords* en inglés) xogan un papel fundamental nos buscadores que se utilizan en internet para atopar determinada información, pois fan referencia aos criterios de busca e constitúen o enlace primordial entre os usuarios e a información que andan a procurar. Do mesmo xeito, as palabras clave dun texto son aquelas palabras ou frases que remiten aos contidos máis importantes; polo que atopar as palabras clave é sinónimo de entender o que se está a ler.

No DOCUMENTO 1 aparecen dúas palabras clave fundamentais para entender o artigo de Francisco Castro e a súa relación cos DOCUMENTOS 3 e 4. Busque esas palabras e defínasas aplicando as indicacións que se achegan máis abaixo, coa intención de comprender o asunto común a todos os documentos e utilizar esas palabras na súa creación textual final. (1.25 puntos)

- Identifique a palabra clave:
 - descubra as relacións semánticas que se establecen entre as palabras no texto (sinonimia, termos contrarios, polisemia) (0.3)
 - atope o campo semántico ou a familia léxica máis representativos (0.2)
- Elabore a definición adecuada:
 - inicie a súa definición por un termo semellante, é dicir, debe respectar a categoría gramatical e a flexión da palabra a definir (recoméndase, sempre que sexa posible, usar un hiperónimo) (0.2)
 - non limite a súa definición a un ou varios sinónimos (0.1)
 - explique, utilizando as súas propias palabras, evitando dar exemplos (0.1)
 - non inclúa na súa definición o termo a definir nin outro da súa familia léxica (0.1)
- Escriba respectando as propiedades textuais e con corrección ortográfica e gramatical e con precisión léxica (0.25)

2.2. Cada vez que alguén de fóra do país quere imitar as galegas ou os galegos, coloca un –iño no final da palabra. *Que riquiña!* Este diminutivo xunto co –eiro, formador de xentilicios como *rianxeiro*, son seguramente os sufixos máis produtivos da lingua galega.

As palabras clave do DOCUMENTO 1 seleccionadas na tarefa anterior posúen un deses sufixos. Analice morfoloxicamente esas palabras clave, seguindo as indicacións que se sinalan a continuación. Teña en conta que deberá usar esas dúas palabras na súa creación textual da pregunta/tarefa final e achegar outras palabras que posúan ese mesmo sufixo pero con valores diferentes. (1.25 puntos)

- Segmente as palabras en morfemas (0.4)
- Indique o valor da raíz, identificando a familia léxica que aparece no texto á que pertencen esas palabras (0.2)
- Indique o valor do sufixo en cada palabra (0.2)

- Achegue dúas palabras co mesmo sufixo con valores diferentes (0.2)
- Escriba respectando as propiedades textuais e con corrección ortográfica e gramatical e con precisión léxica (0.25)

PREGUNTA 3. EDUCACIÓN LITERARIA (2.5 puntos) (20 minutos)

O curso pasado púxose de moda en Compostela, ao saír de festa, cantar *No niño novo do vento*, despois de que a cantante compostelá Paloma publicara a última versión musicada deste poema que Cunqueiro escribira en 1933 seguindo a corrente neotrobadoresca, descrita co oxímoro “vangarda enxebre”. O poema xa se popularizara en 1975, cando Luís Emilio Batallán lle puxo música. E, como se ve, non deixou de xerar versións musicais desde entón.

Cunqueiro escolleu os moldes das cantigas de amigo dos trovadores medievais para crear a obra á que pertence o poema. Esas cantigas reunían poesía e música e afondaban as súas raíces nas cancións de muller, cantos populares que alimentaron o nacemento da poesía culta na Europa medieval.

As cantigas de amigo foron homenaxeadas en 1998 ao concederlles a RAG o Día das Letras Galegas aos tres trovadores da ría de Vigo (Martín Códax, Mendinho e Xohan de Cangas). E os cantos populares de muller seguen vivos na música tradicional das cantareiras e pandeireteiras como Leilía, grupo para o cal a poeta, tamén compostelá, Yolanda Castaño, galardoada co Premio Nacional de Poesía en 2023, fixo a letra, o poema, *A voz das amigas*.

Como pode ver, música e poesía son camiños para atopárense, para “trobarse”. Camiños que van da man, como as amigas.

Tendo en conta a polémica xerada polo artigo de Francisco Castro, DOCUMENTO 1, ao conceder a RAG o Día das Letras Galegas ao cancionero popular, personalizado nas cantareiras, escolla un dos dous poemas (*No niño novo do vento* de Álvaro Cunqueiro ou *A voz das amigas* de Yolanda Castaño) e elabore un comentario literario do mesmo sustentado en citas do propio texto, no que, entre outras cousas, evidencie a súa relación cos restantes DOCUMENTOS. Aplique as indicacións que se achegan a continuación e lembre que a información do seu comentario deberá ser trasladada á tarefa final para sostener algún dos seus argumentos. (2.5 puntos)

- Analice a forma do poema (estrofas, métrica, rima... musicalidade, carácter popular ou culto). (0.5 puntos)
- Analice os recursos estilísticos do poema (fónicos, morfosintácticos, léxicos...). (0.5 puntos)
- Analice o contido do poema (tema e asunto, voz lírica, destinatarios...). (0.5 puntos)
- Analice a relación do poema cos outros DOCUMENTOS da proba. (0.5 puntos)
- Recolla as súas análises nun texto de 200 palabras, respectuoso coas propiedades textuais, correcto ortográfica e gramaticalmente e que se sirva dun léxico rico e preciso. (0.5 puntos)

PREGUNTA 4. A LINGUA E OS SEUS FALANTES (2.5 puntos) (30 minutos)

Despois da comprensión, da reflexión, a análise e o comentario, chegou o momento de reunir toda a información sementada en cada tarefa para aplicala á creación final, para cumprir o reto sinalado no inicio da proba. Debe participar na polémica xurdida do DOCUMENTO 1 escribindo un artigo de opinión para contraargumentar o de Francisco Castro e/ou inspirándose na viñeta do Carrabouxo, evidenciando entre outras cousas a defensa da igualdade entre homes e mulleres e a necesidade de erradicar todo tipo de prexuízos para lograr a redución das desigualdades.

Siga as indicacións que se achegan a continuación:

- Escolla un destes dous títulos para o seu artigo:
 - *Trabucouse a Academia?*
 - *O Día das Letras Galegas ou Odiadas letras galegas?*
- Inicie o seu artigo cunha entrada que contextualice o asunto ou dilema sobre o que vai mostrar a súa opinión argumentada (que? quen?, cando?, onde?, como?). (0.25 puntos)
- Redacte un corpo estruturado como mínimo en dúas partes que recolla polo menos dous argumentos para soste a súa postura (por que?). (0.5 puntos)
- Finalice o artigo cunha conclusión na que achegue unha proposta conciliadora e respectuosa coa diversidade. (0.25 puntos)
- Incorpore ao seu artigo, sen comentar nin parafrasear: (1 punto)
 - os prexuízos que se poden atopar nos DOCUMENTOS 1 e 2
 - as ideas (para rebater) e palabras clave do DOCUMENTO 1
 - a importancia da lírica e cancións populares do DOCUMENTO 3
 - o asunto común a todos os DOCUMENTOS
- Cree o seu artigo (250 palabras) respectando as propiedades textuais, con corrección ortográfica e gramatical e con precisión e riqueza léxica. (0.5 puntos)

AVALIACIÓN COMPETENCIAL

TAREFAS	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC	NOTAS
PREGUNTA 1	1.7/				0.8/				2.5
PREGUNTA 2	1.5/	0.5/	0.5/						2.5
PREGUNTA 3	2.3/		0.2/						2.5
PREGUNTA 4	1.1/	0.4 /			0.1/	0.4/		0.5/	2.5
TOTAL	6.6/	0.9/	0.7/		0.9/	0.4/		0.5/	10

CONCRECIÓN CURRICULAR

PREGUNTA 1	CONCRECIÓN CURRICULAR			PUNTUACIÓN
1.1	CA2.5	OBX4	CCL2 (0.3) CCL3 (0.3) CPSAA4 (0.4)	1 punto
	CA2.7	OBX5	CCL1 (0.25)	0.25 puntos
1.2	CA2.5	OBX4	CCL2 (0.3) CCL3 (0.3) CPSAA4 (0.4)	1 punto
	CA2.7	OBX5	CCL1 (0.25)	0.25 puntos
PREGUNTA 2	CONCRECIÓN CURRICULAR			PUNTUACIÓN
2.1	CA2.7	OBX5	CCL1 (0.25)	0.25 puntos
	CA4.3	OBX9	CCL2 (0.5) CCL3 (0.5) CP2 (0.5) STEM1 (0.5)	1 punto
1 punto				
2.2	CA2.7	OBX5	CCL1 (0.25)	0.25 puntos
PREGUNTA 3	CONCRECIÓN CURRICULAR			PUNTUACIÓN
3	CA2.5	OBX4	CCL2 (0.5) CCL3 (0.8)	2.5 puntos
	CA3.5	OBX8	CCL4 (0.5)	
	CA2.7 - CA2.8	OBX5	CCL1 (0.5) STEM1 (0.2)	
PREGUNTA 4	CONCRECIÓN CURRICULAR			PUNTUACIÓN
4.	CA1.2	OBX1	CCL5 (0.2) CP2 (0.2) CC1 (0.1)	2.5 puntos
	CA2.5 CA2.6=CA4.1	OBX4	CCL2 (0.1) CPSAA4 (0.1) CC3 (0.1)	
	CA2.7=CA2.1 CA2.8=CA2.2	OBX5	CCL1 (0.5) CCL3 (0.3)	
	CA3.5	OBX8	CCEC1 (0.3) CCEC3.1 (0.2)	
	CA1.3 CA3.8	OBX10	CP3 (0.2) CC2 (0.1) CC3 (0.1)	